



Manifestando as mellores ansias para o traballo conxunto, diríxome a vostede para informarlle que no **Diario Oficial da Provincia da Coruña (BOP) núm.. 205, do luns, 27 de outubro de 2014**, saen publicadas as **Bases reguladoras das convocatorias de subvencións** dirixidas a entidades privadas (iniciativa social sen ánimo de lucro ou de carácter mercantil) da Deputación Provincial da Coruña, **ano 2015**, así como a convocatoria do programa de subvencións dos distintos departamentos:

- Convocatoria do programa de subvencións a entidades deportivas sen ánimo de lucro, para a realización de actividade físico-deportiva, non federada, durante o ano 2015
- Convocatoria do programa de subvencións a clubs deportivos sen ánimo de lucro, con equipos en competición federada, para a participación dos equipos federados en competicións deportivas, durante o ano 2015
- Convocatoria do programa de subvencións a federacións deportivas galegas para realizar actividades de promoción deportiva e formación de técnicos no ámbito provincial, na modalidade deportiva correspondente, durante o ano 2015
- Convocatoria do programa de subvencións a entidades deportivas da provincia sen ánimo de lucro, para o desenvolvemento de eventos deportivos oficiais na provincia, durante o ano 2015
- Convocatoria do programa de subvencións a entidades deportivas da provincia da Coruña, sen ánimo de lucro, para infraestruturas e equipamento, durante o ano 2015
- Convocatoria do programa de subvencións a entidades sen fins de lucro para realizar actividades culturais durante o ano 2015
- Convocatoria do programa de subvencións a entidades sen fins de lucro para realizar investimentos culturais durante o ano 2015
- Convocatoria do programa de subvencións a entidades sen fins de lucro para o mantemento de servizos sociais no ano 2015
- Convocatoria do programa de subvencións a entidades sen fins de lucro para o mantemento de programas sociosanitarias no ano 2015
- Convocatoria do programa de subvencións a entidades sen fins de lucro para o mantemento de políticas de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e loita contra a violencia de xénero no ano 2015
- Convocatoria do programa de subvencións a entidades sen fins de lucro para o investimento de servizos sociais no ano 2015
- Bases da convocatoria do programa de fomento pesqueiro dirixido ás confrarías de pescadores e agrupacións de mariscadoras da provincia da Coruña para actividades durante o exercicio 2015



- Bases da convocatoria do programa de fomento pesqueiro dirixido ás confrarías de pescadores e agrupacións de mariscadoras da provincia da Coruña para investimentos durante o exercicio 2015
- Bases da convocatoria do Programa de subvencións de agricultura dirixido ás entidades asociativas agrarias e labregas da provincia da Coruña para actividades durante o exercicio 2015
- Bases da convocatoria do programa de subvencións de agricultura dirixido ás entidades asociativas agrarias e labregas da provincia da Coruña para investimentos durante o exercicio 2015
- Bases específicas da convocatoria do programa de subvencións dirixido a entidades para actividades de promoción económica durante o ano 2015
- Bases específicas da convocatoria do programa de subvencións dirixido a entidades para investimentos de promoción económica durante o ano 2015
- Bases específicas da convocatoria do programa de subvencións dirixido a entidades para investimentos no patrimonio arquitectónico da provincia da Coruña de promoción económica durante o ano 2015

Lémbrolle que o **prazo de presentación de solicitudes** para participar nestas convocatorias é o seguinte:

**Inicio: dende a data da publicación no BOP e a data de finalización:**

**Fin do prazo de presentación de solicitudes: 14.00 horas do día 20 de novembro.**

A tramitación será telemática, deberán dispoñer de certificado dixital:

- A persoa que ocupe a Presidencia da entidade e
- A persoa que ocupe a Secretaría da entidade
- A persoa que represente á entidade perante a Deputación (se é distinta das dúas anteriores)

Sen outro particular recibe un cordial saúdo.

Porto do Son, 27 de outubro de 2014.

O Alcalde



Asido.: José Luis Oujo Pouso